

4.2.

cobertura e financiamento

A ANÁLISE DA COBERTURA e financiamento das prestacións sociais, baseada nos datos facilitados pola Tesorería General de la Seguridad Social, e os datos recollidos nos Presupostos da Xunta, divídese en dúas partes. A primeira está dedicada ó financiamento e cobertura social do Estado, que fundamentalmente se refire ás prestacións económicas (estas son analizadas máis polo miúdo no punto 4.3.- Prestacións económicas). Ó longo do ano 2001 as obrigas contraídas polas entidades xestoras e Tesorería General da Seguridade Social en Galicia ascenderon a 4.444,5 millóns de euros, en tanto que os dereitos recoñecidos netos realizados pola Tesorería General ascenderon a 3.171,8 millóns de euros.

A segunda parte estudia a cobertura social da Comunidade Autónoma e engloba, basicamente, á cobertura social e sanitaria da Xunta (ver punto 4.4.- Prestacións sanitarias e sociais). A cantidade presuposta-

da para as dúas consellerías con competencias nestas materias foi de 2.551,9 millóns de euros, o que supón un crecemento do 6,7% respecto ó ano anterior. O seu peso relativo no total dos presupostos da Xunta mantense no ano 2001 en torno ó 38% do gasto total.

Financiamento e cobertura social do Estado

A afiliación á Seguridade Social no ano 2001 (**cadro 2.2.1.- Traballadores en alta laboral 2000-01: distribución segundo réximes**) experimentou un crecemento do 2,8% respecto ó ano anterior (22.249 afiliacións máis), para acadarlas 904.345 persoas afiliadas. Atendendo á súa distribución por réximes, a meirande parte destas afiliacións corresponden ó grupo do réxime xeral, que acolle ó 69,1% do total de afiliacións (624.974 traballadores), seguido do réxime especial de autónomos cun 18,3% das mesmas (165.320 persoas).

Antes da análise máis polo miúdo dos dereitos recoñecidos e das obrigas contraídas pola Tesorería General, o **cadro C.4.3.** (*Obrigas contraídas e dereitos recoñecidos netos realizados pola Tesorería General da Seguridade Social en Galicia 2001*) reflicte a existencia dun diferencial teórico negativo de 1.272,8 millóns de euros entre os dereitos recoñecidos e as obrigas contraídas, xa que neste diferencial non se consideran, por unha banda, as obrigas polas prestacións contributivas de desemprego, e por outra, están consideradas as obrigas dos complementos a mínimos das pensións, as pensións non contributivas, e as prestacións sociais que son financiadas directamente polo Estado.

Analizando ó devandito diferencial, cómpre salientar que este é positivo no caso do réxime xeral (251.429 miles de euros) e no caso do réxime especial de traballadores autónomos (93.451 miles de euros). Este saldo positivo non logra compensar, fundamentalmente, o diferencial negativo existente no caso do réxime especial agrario (-1.113,8 millóns de euros) e no réxime especial de traballadores do mar (-271,6 millóns de euros).

Os dereitos recoñecidos netos realizados pola Tesorería General da Seguridade Social ó longo do 2001 en Galicia, **cadro C.4.4.** (*Dereitos recoñecidos netos realizados pola Tesorería General de la Seguridade Social 2001*), acadaron os 3.171,7 millóns de euros, dos que 3.119,9 millóns de euros corresponden ás cotizacións sociais. A provincia de A Coruña é a que rexistra uns maiores dereitos recoñecidos netos, con 1.353 millóns de euros, o que supón o 42,7% do total galego, seguida de Pontevedra, con 1.133,5 millóns de euros, o 35,7% do total. En Lugo e Ourense ascenden a 352 e 333,2 millóns de euros, respectivamente, o que significa o 11,1% e o 10,5% do total da comunidade.

Desagregando as cotizacións sociais segundo réxime de aplicación en Galicia, o devandito **cadro C.4.4.** reflicte que as máis importantes son as do réxime xeral, con

2.256,4 millóns de euros (o 72,3% do total das cotizacións sociais), seguíndolle en importancia as do réxime especial de traballadores autónomos, con 419,1 millóns de euros (13,4%) e as cotizacións de desempregados, con 225,2 millóns de euros (7,2%).

O **cadro C.4.5.** (*Obrigas contraídas polas Entidades Xestoras e Tesorería General de Seguridade Social 2001*) reflicte as obrigas contraídas totais das entidades xestoras e Tesorería General de la Seguridade Social. En Galicia, o total das obrigas contraídas ascendeu a 4.444,5 millóns de euros, dos que 4.361 millóns de euros (o 98,1%) corresponden ás transferencias correntes. Por provincias, A Coruña é a que ten unhas maiores obrigas, con 1.690,1 millóns de euros, o 38% do total galego, seguido de Pontevedra con 1.400,3 millóns de euros (31,5%) e Lugo e Ourense con 716,8 (o 16,1%) e 637,3 millóns de euros (14,3%), respectivamente.

Centrándonos nas transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro, o **cadro 4.2.1.** reflicte que as máis importantes son as do réxime xeral e o agrario, con 2.005 e 1.208,1 millóns de euros, respectivamente, aínda que o réxime especial agrario ten na provincia de Lugo unhas obrigas recoñecidas superiores ás do réxime xeral.

O devandito **cadro 4.2.1.** reflicte que as pensións por xubilación son as que presentan un maior volume de obrigas recoñecidas, con 2.884,6 millóns de euros, seguidas das pensións de viuvez con 665 millóns de euros. No caso dos subsidios, os de incapacidade temporal son os máis importantes con 148,1 millóns de euros.

Atendendo á desagregación provincial, o **cadro 4.2.2.** recolle os datos da provincia de A Coruña, onde as transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro acadan os 1.656,7 millóns de euros. Ó igual que no conxunto de Galicia, o réxime xeral é o que máis obrigas recoñecidas ten, con 852 millóns de euros (51,4% do total do gasto de

CADRO 4.2.1.

Obrigas contraídas polas Entidades Xestoras e Tesorería General de la Seguridad Social en Galicia 2001: transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro

	Xeral	Traballadores autónomos	Agrario	do Mar	Minería do Carbón	Empregados do Fogar	Acc. Traballo e Enf. Profesional	Non Contributiva	Total
					(en miles de €)				
Pensións	1.889.321	299.970	1.190.814	335.982	16.524	73.268	113.238	183.102	4.102.219
Invalidez permanente	223.314	32.591	57.508	31.684	1.560	6.108	44.244	79.549	476.558
Xubilación	1.287.042	208.240	951.861	232.347	12.340	65.134	24.039	103.553	2.884.577
Viuveza	345.389	54.439	157.966	65.341	2.446	1.603	37.782	-	664.965
Orfandade	27.341	4.080	15.165	5.285	152	290	5.787	-	58.099
Favor de familiares	6.236	620	8.294	1.325	26	133	1.387	-	18.020
Subsidios	115.599	25.642	17.250	17.048	100	3.327	5.198	-	250.644
Incapacidade temporal por enfermidade ou accidente	84.297	22.640	16.764	16.612	99	3.044	4.677	-	148.133
Compensación por colab. de empresas	80.625	22.640	16.764	16.612	99	3.044	4.677	-	144.461
Recargos por falta de medidas de seguridade e hixiene	3.672	-	-	-	-	-	-	-	3.672
Maternidade	-	-	-	-	-	-	-	-	488
Subsidio temporal por maternidade	30.763	2.965	288	368	-	278	-	-	34.642
Subsidio temporal por risco no embarazo	30.732	2.965	288	368	-	278	-	-	34.611
Prestacións familiares	31	-	-	-	-	-	-	-	31
Filto a cargo	-	-	-	-	-	-	-	-	62.434
Id. con discapacidade	-	-	-	-	-	-	-	-	17.966
Nacemento de fillo	-	-	-	-	-	-	-	-	43.918
Parto múltiple	-	-	-	-	-	-	-	-	145
Outras prestacións	540	37	219	68	1	5	521	-	385
Prestacións procedentes extinguida MUNICIPAL	-	-	-	-	-	-	-	-	4.948
Auxilio por detención	134	37	173	26	1	5	-	-	4
Indemnización a tanto alzado	405	-	45	42	-	-	2	-	378
Por baremo	-	-	-	-	-	-	484	-	976
Entregas por desprazamento	-	-	-	-	-	-	36	-	59
Prestacións complementarias a cargo do Fondo	-	-	-	-	-	-	-	-	8
Outras	-	-	-	-	-	-	-	-	2.366
Prestacións sociais	-	-	-	-	-	-	-	-	1.136
Prestacións LISMI	36	-	-	88	-	-	5	-	7.533
Outras axudas de carácter social	36	-	-	88	-	-	5	-	7.404
Total	2.004.956	325.612	1.208.065	353.118	16.624	76.595	118.442	183.102	4.360.396

Fonte: Tesorería General de la Seguridad Social

Obrigas contraídas polas Entidades Xestoras e Tesorería General de la Seguridad Social en A Coruña 2001: transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro

	Xeral	Traballadores autónomos	Agrario	do Mar	Minería do Carbon	Empregados do Fogar	Acc. Traballo e Enf. Profesional	Non Contributiva	Total
(en miles de €)									
Pensións	806.516	119.609	356.404	121.317	6.075	27.644	43.818	78.110	1.559.494
Invalidez permanente	94.032	12.911	15.075	11.677	362	2.138	17.184	32.721	186.100
Xubilación	545.781	83.102	280.269	83.423	4.894	24.755	8.235	45.389	1.075.848
Vuvez	151.656	21.639	52.971	23.711	747	559	15.565	-	266.848
Orfandade	12.224	1.694	5.805	1.942	64	126	2.233	-	24.088
Favor de familiares	2.824	263	2.283	564	8	67	601	-	6.610
Subsidios	45.475	9.621	6.087	3.284	100	1.050	1.982	-	94.338
Incapacidade temporal por enfermidade ou accidente	31.023	8.311	5.916	3.204	99	932	1.794	-	51.280
Compensación por colab. de empresas	29.704	8.311	5.916	3.204	99	932	1.794	-	49.960
Recargos por falta de medidas de seguridade e hixiene	1.320	-	-	-	-	-	-	-	1.320
Maternidade	14.214	1.296	108	71	-	115	-	-	172
Subsidio temporal por maternidade	14.208	1.296	108	71	-	115	-	-	15.803
Subsidio temporal por risco no embarazo	6	-	-	-	-	-	-	-	6
Prestacións familiares	-	-	-	-	-	-	-	-	24.836
Fillo a cargo	-	-	-	-	-	-	-	-	6.327
Id. con discapacidade	-	-	-	-	-	-	-	-	18.310
Nacemento de fillo	-	-	-	-	-	-	-	-	52
Parto múltiple	-	-	-	-	-	-	-	-	147
Outras prestacións	238	14	63	10	0	2	188	-	2.248
Outras prestacións procedentes extinguida MUNICIPAL	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Auxilio por defunción	59	14	52	10	0	2	1	-	139
Indemnización a tanto alzado	179	-	11	-	-	-	158	-	349
Por baremo	-	-	-	-	-	-	29	-	29
Entregas por desprazamento	-	-	-	-	-	-	-	-	2
Prestacións complementarias a cargo do Fondo	-	-	-	-	-	-	-	-	1.014
Outras	-	-	-	-	-	-	-	-	716
Prestacións sociais	18	-	-	12	-	-	-	-	2.880
Prestacións LISMI	-	-	-	-	-	-	-	-	2.849
Outras axudas de carácter social	18	-	-	12	-	-	-	-	31
Total	852.010	129.230	362.491	124.613	6.175	28.694	45.800	78.110	1.656.712

Fonte: Tesorería General de la Seguridad Social

CADRO 4.2.3.

Obrigas contraídas polas Entidades Xestoras e Tesorería General de la Seguridad Social en Lugo 2001: transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro

	Xeral	Traballadores autónomos	Agrario	do Mar	Minería do Carbón	Empregados do Fogar	Acc. Traballo e Enf. Profesional	Non Contributiva	Total
(en miles de €)									
Pensións	219.986	48.220	339.173	16.244	4.917	10.986	14.903	20.170	674.599
Invalidez permanente	24.311	4.557	18.503	1.667	430	702	6.399	8.718	65.286
Xubilación	154.878	34.088	276.007	11.518	3.706	9.938	3.402	11.453	504.990
Vuvez	37.738	8.939	40.627	2.812	761	290	4.281	-	95.448
Orfandade	2.491	569	2.954	192	21	43	671	-	6.942
Favor de familiares	567	67	1.082	55	-	13	149	-	1.933
Subsidios	11.459	3.039	4.475	519	0	459	834	-	30.058
Incapacidade temporal por enfermidade ou accidente	8.671	2.768	4.317	509	-	429	732	-	17.426
Compensación por colab. de empresas	8.385	2.768	4.317	509	-	429	732	-	17.140
Recargos por falta de medidas de seguridade e hixiene	286	-	-	-	-	-	-	-	286
Maternidade	-	-	-	-	-	-	-	-	69
Subsidio temporal por maternidade	2.697	264	92	9	-	28	-	-	3.090
Subsidio temporal por risco no embarazo	2.696	264	92	9	-	28	-	-	3.089
Prestacións familiares	1	-	-	-	-	-	-	-	1
Fillo a cargo	-	-	-	-	-	-	-	-	8.813
Id. con discapacidade	-	-	-	-	-	-	-	-	2.533
Nacemento de fillo	-	-	-	-	-	-	-	-	6.235
Parto múltiple	-	-	-	-	-	-	-	-	11
Outras prestacións	91	7	66	2	0	1	102	-	33
Prestacións procedentes extinguida MUNICIPAL	-	-	-	-	-	-	-	-	661
Auxilio por defunción	17	7	56	2	0	1	0	-	3
Indemnización a tanto alzado	75	-	10	-	-	-	99	-	82
Por baremo	-	-	-	-	-	-	3	-	183
Entregas por desprazamento	-	-	-	-	-	-	-	-	3
Prestacións complementarias a cargo do Fondo	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Outras	-	-	-	-	-	-	-	-	328
Prestacións sociais	2	-	-	9	-	-	-	-	61
Prestacións LISMI	-	-	-	-	-	-	-	-	513
Outras axudas de carácter social	2	-	-	9	-	-	-	-	503
Total	231.447	51.259	343.648	16.771	4.917	11.445	15.737	20.170	705.170

Fonte: Tesorería General de la Seguridad Social

Obrigas contraídas polas Entidades Xestoras e Tesorería General de la Seguridad Social en Ourense 2001: transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro

	Xeral	Traballadores autónomos	Agrario	do Mar	Minería do Carbón	Empregados do Fogar	Acc. Traballo e Enf. Profesional	Non Contributiva	Total
(en miles de €)									
Pensións	254.505	47.965	246.363	-	2.825	10.089	14.464	25.108	601.321
Invalidez permanente	27.362	6.387	10.439	-	592	1.059	5.650	11.266	62.753
Xubilación	182.844	32.797	198.113	-	1.771	8.757	3.815	13.842	441.941
Viuvez	40.979	8.116	32.378	-	418	245	4.293	-	86.428
Orfandade	2.695	560	2.882	-	36	15	517	-	6.705
Favor de familiares	626	105	2.551	-	9	13	189	-	3.494
Subsidios	12.347	3.432	2.131	-	0	520	424	-	26.121
Incapacidade temporal por enfermidade ou accidente	9.526	3.120	2.075	-	-	491	383	-	15.605
Compensación por colab. de empresas	8.961	3.120	2.075	-	-	491	383	-	15.040
Recargos por falta de medidas de seguridade e hixiene	565	-	-	-	-	-	-	-	565
Maternidade	-	-	-	-	-	-	-	-	60
Subsidio temporal por maternidade	2.762	305	9	-	-	28	-	-	3.104
Subsidio temporal por risco no embarazo	2.762	305	9	-	-	28	-	-	3.104
Prestacións familiares	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Fillo a cargo	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Id. con discapacidade	-	-	-	-	-	-	-	-	6.781
Nacemento de fillo	-	-	-	-	-	-	-	-	2.185
Parto múltiple	-	-	-	-	-	-	-	-	4.544
Outras prestacións	60	6	47	-	0	1	31	-	13
Prestacións procedentes extinguida MUNICIPAL	-	-	-	-	-	-	-	-	40
Auxilio por defunción	19	6	36	-	0	1	0	-	571
Indemnización a tanto alzado	41	-	11	-	-	-	26	-	63
Por baremo	-	-	-	-	-	-	4	-	78
Entregas por desprazamento	-	-	-	-	-	-	-	-	4
Prestacións complementarias a cargo do Fondo	-	-	-	-	-	-	-	-	0.1
Outras	-	-	-	-	-	-	-	-	350
Prestacións sociais	4	-	-	-	-	-	5	-	77
Prestacións LUSMI	-	-	-	-	-	-	-	-	858
Outras axudas de carácter social	4	-	-	-	-	-	5	-	849
Total	266.857	51.397	248.494	-	2.825	10.609	14.894	25.108	628.299

Fonte: Tesorería General de la Seguridad Social

CADRO 4.2.5.

Obrigas contraídas polas Entidades Xestoras e Tesorería General de la Seguridad Social en Pontevedra 2001: transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro

	Xeral	Traballadores autónomos	Agrario	do Mar	Minería do Carbón	Empregados do Fogar	Acc. Traballo e Enf. Profesional	Non Contributiva	Total
					(en miles de €)				
Pensións	608.314	84.176	248.875	198.422	2.706	24.548	40.052	59.714	1.266.806
Invalidez permanente	77.609	8.736	13.491	18.341	177	2.210	15.010	28.844	162.419
Xubilación	403.539	58.253	197.492	137.406	1.968	21.684	8.537	32.889	861.798
Viuvez	115.016	15.746	31.991	38.817	520	509	13.643	-	216.241
Orfandade	9.931	1.257	3.523	3.152	32	105	2.365	-	20.365
Favor de familiares	2.219	184	2.378	706	10	39	447	-	5.983
Subsidios	46.317	9.550	4.558	13.245	0	1.299	1.959	-	100.127
Incapacidade temporal por enfermidade ou accidente	35.076	8.441	4.456	12.899	-	1.192	1.758	-	63.822
Compensación por colab. de empresas	33.575	8.441	4.456	12.899	-	1.192	1.758	-	62.321
Recargos por falta de medidas de seguridade e hixiene	1.501	-	-	-	-	-	-	-	1.501
Maternidade	11.091	1.099	60	289	-	106	-	-	188
Subsidio temporal por maternidade	11.066	1.099	60	289	-	106	-	-	12.645
Subsidio temporal por risco no embarazo	24	-	-	-	-	-	-	-	24
Prestacións familiares	-	-	-	-	-	-	-	-	22.004
Fillo a cargo	-	-	-	-	-	-	-	-	6.940
Id. con discapacidade	-	-	-	-	-	-	-	-	14.829
Nacemento de fillo	-	-	-	-	-	-	-	-	69
Parto múltiple	-	-	-	-	-	-	-	-	166
Outras prestacións	150	10	42	57	0	1	201	-	1.468
Prestacións procedentes extinguida MUNICIPAL	-	-	-	-	-	-	-	-	1
Auxilio por defunción	40	10	29	15	0	1	0	-	94
Indemnización a tanto alzado	111	-	13	42	-	-	200	-	366
Por baremo	-	-	-	-	-	-	-	-	23
Entregas por desprazamento	-	-	-	-	-	-	-	-	5
Prestacións complementarias a cargo do Fondo	-	-	-	-	-	-	-	-	695
Outras	-	-	-	-	-	-	-	-	283
Prestacións sociais	11	-	-	67	-	-	-	-	3.281
Prestacións LISMI	-	-	-	-	-	-	-	-	3.203
Outras axudas de carácter social	11	-	-	67	-	-	-	-	78
Total	654.842	93.726	253.432	211.734	2.706	25.847	42.011	59.714	1.370.214

Fonte: Tesorería General de la Seguridad Social

A Coruña), seguido do réxime especial agrario con 362,5 millóns de euros (o 21,9%).

Segundo os datos referidos ós diferentes tipos de pensións e subsidios, as pensións de xubilación son as que xeran unhas maiores obrigas recoñecidas –ascenden a 1.075,8 millóns de euros–, seguidas das de viuvez (con 266,8 millóns de euros). No caso dos subsidios, as obrigas recoñecidas por incapacidade temporal ascenden a 51,3 millóns de euros.

En Lugo, **cadro 4.2.3.**, as transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro ascenden a 705,2 millóns de euros. Salienta a importancia do réxime especial agrario, que, no caso das pensións, presenta uns gastos superiores ós do réxime xeral en tódolos subgrupos agás no de invalidez permanente. As pensións de xubilación ascenden a 505 millóns de euros (o 54,7% corresponde ó réxime especial agrario), o que representa o 74,9% do total das pensións de Lugo.

En relación ós subsidios, os máis importantes son os de incapacidade temporal, que ascenden a 17,4 millóns de euros, o 58% do total dos subsidios na provincia de Lugo.

Na provincia de Ourense, as transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro no ano 2001 acadaron os 629,3 millóns de euros, das que un 42,5% corresponden ás obrigas recoñecidas do réxime xeral (266,9 millóns de euros) e un 39,6% ás do réxime especial agrario (248,5 millóns). As obrigas recoñecidas polas pensións de xubilación, con 441,9 millóns de euros, **cadro 4.2.4.**, son as máis importantes, seguidas polas de viuvez, con 86,4 millóns de euros, mentres que no caso dos subsidios, as máis importantes son as de incapacidade temporal, con 15,6 millóns de euros.

Finalmente, o **cadro 4.2.5.** amosa os datos correspondentes á provincia de Pontevedra, onde as transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro aca-

daron os 1.370,2 millóns de euros. As obrigas recoñecidas do réxime xeral ascenderon a 654,6 millóns de euros (47,8% do total do gasto da provincia) e as do réxime especial agrario 253,4 millóns de euros (o 18,5%).

Segundo os datos referidos ós diferentes tipos de pensións e subsidios, as pensións de xubilación son as que xeran unhas maiores obrigas recoñecidas, ascendendo estas ós 861,8 millóns de euros, seguidas das de viuvez con 216,2 millóns de euros. No caso dos subsidios, as obrigas recoñecidas por incapacidade temporal ascenden a 63,8 millóns de euros.

A cobertura social da Comunidade Autónoma

Os presupostos da Xunta dedican no ano 2001 o 37,8% do seu presuposto ós capítulos da Sanidade e Servicios Sociais e a Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude. A cantidade dedicada foi de 2.551,9 millóns de euros, un 6,7% máis que no ano anterior, dos que 2.293,8 millóns de euros corresponden á Consellería de Sanidade e o Sergas, e os 258,1 millóns restantes á Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude.

O **cadro 4.2.6.** reflicte a importancia relativa das operacións correntes no presuposto total das dúas consellerías mencionadas. No ano 2001, as operacións correntes representan o 93,2% do total presupostado na consellería de Sanidade e Servicios Sociais (o 93,1% no ano 2000) e o 95,0% no caso da consellería de Familia e Promoción de emprego, Muller e Xuventude (o 94,9% no ano anterior), en tanto que as operacións de capital representan o 6,8% e 5,0%, respectivamente.

Comparado co ano anterior, o importe total dedicado nas operacións correntes na Consellería de Sanidade e Servicios Sociais ascende a 2.137,9 millóns de euros (un 6,9% superior ó ano anterior) e a 245,2 millóns de

CADRO 4.2.6.

Presuposto consolidado das Consellerías de Sanidade e Servizos Sociais e de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude 2000-01: distribución económica

	Consellería de Sanidade e Servizos Sociais			Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude		
	2000	2001	01/00	2000	2001	01/00
	(en miles de €)	(en miles de €)	(% / total)	(en miles de €)	(en miles de €)	(% / total)
Total operacións correntes	2.000.044,5	2.137.913,6	93,2	231.290,5	245.241,8	95,0
Cap. I Persoal	911.582,7	956.129,1	41,7	45.193,7	47.857,4	18,5
Cap. II Gastos bens corr. e serv.	551.399,2	593.837,2	25,9	26.763,1	28.933,9	11,2
Cap. IV Transferencias correntes	537.062,6	587.947,3	25,6	159.333,7	168.450,5	65,2
Total operacións de capital	147.662,7	155.872,5	6,8	12.311,7	12.921,8	5,0
Cap. VI Investimentos reais	140.728,2	149.420,6	6,5	7.082,9	7.753,1	3,0
Cap. VII Transferencias de capital	5.942,8	5.826,8	0,3	5.228,8	5.168,7	2,0
Cap. VIII Activos financeiros	991,7	625,1	0,0	-	-	-
Transferencias Internas	36.914,2	47.299,7	2,1	5.596,0	6.791,4	2,6
Total consolidado	2.147.707,1	2.293.786,1	100	243.602,2	258.163,5	100

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

CADRO 4.2.7.

**Presuposto consolidado da Consellería de Sanidade e Servicos Sociais 2000-01:
distribución dos créditos por programas**

	2000	2001	01/00
	(en miles de €)		(%)
211 B Dirección e Sec. Xerais de SS.	1.107,7	999,5	-9,8
212 A Pensións e prestacións asistenc.	58.383,5	58.955,1	1,0
212 B Centros para servicos sociais	80.204,5	89.810,4	12,0
212 D Pensións e prestacións en serv.soc.	12.225,2	12.986,1	6,2
311 A Dirección e Sec. Xerais de Sanidade	61.834,5	62.691,0	1,4
312 A Atención especializada	1.136.086,0	1.201.860,1	5,8
313 A Protección e promoción da saúde	40.082,1	45.411,9	13,3
313 B Atención primaria de saúde	736.116,6	798.189,2	8,4
314 C Formación de graduados e posgraduados	21.589,0	22.805,4	5,6
441 A Elab. e Difus. Estatística	78,1	78,1	0,0
Total	2.147.707,1	2.293.786,7	6,8

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

CADRO 4.2.8.

Presuposto consolidado da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude 2000-01: distribución dos créditos por programas

	2000	2001	01/00
	(en miles de €)		(%)
211 A Dirección e Sec. Xerais de Protección Social	15.138,3	16.467,7	8,8
211 B Dirección e Sec.Xerais de SS.	16.047,6	15.911,8	-0,8
212 A Pensións e prestacións asistenc.	11.797,9	13.879,2	17,6
212 B Centros para servicos sociais	13.522,8	15.269,9	12,9
212 D Pensións e prestacións en serv.soc.	5.067,7	4.422,8	-12,7
241 A Fomento de emprego	136.484,4	143.663,5	5,3
241 B Fomento de emprego. FSE	32.782,2	35.528,8	8,4
355 B Fomento de actividade xuvenil	12.524,5	12.782,9	2,1
441 A Elab. e Difus. Estatística	236,2	236,2	0,0
Total	243.601,6	258.162,9	6,0

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

euros no caso da Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude (un 6,0% máis que en 2000).

Atendendo á distribución dos créditos por programas, o **cadro 4.2.7.** amosa que os dous programas máis importantes na Consellería de Sanidade e Servicos Sociais son os de atención especializada e atención primaria de saúde, que no ano 2001 acollen 2.000 millóns de euros (o 87,2% do total presupostado).

No caso da Consellería de Familia, **cadro 4.2.8.**, hai que salienta-la importancia das partidas dedicadas ós programas de fomento de emprego. No ano 2001 dedícanse

un total de 179,2 millóns de euros (o 69,5% do presupostado), un 5,9% máis que no ano 2000. ■